



ARTES VISUAIS E SUSTENTABILIDADE. O EQUILIBRIO DO ECOSISTEMA.

Agar Ledo

A INDUSTRIA CULTURAL
GALEGA NO HORIZONTE
2025, Consello da Cultura Galega,
20 e 21 de xuño de 2017

VER A PEZA *GALÁPAGO EUROPEO* (EMMYS ORBICULARIS), (2013-2014), DE DIEGO SANTOMÉ, FILME PROTAGONIZADO POR UNHA TARTARUGA EUROPEA, COÑECIDA COMUNMENTE EN GALICIA COMO SAPOCONCHO, QUE ESTÁ EN PERIGO DE EXTINCIÓN DEBIDO Á SISTEMÁTICA DESTRUCCIÓN DO SEU HÁBITAT NATURAL E Á EXISTENCIA DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS. TITULADO *GALÁPAGO EUROPEO*, O FILME CÓNTANOS QUE UNHA DAS ÚLTIMAS POBOACIÓNS DE TARTARUGAS EUROPEAS CONSÉRVASE EN BUDIÑO, ONDE, EN 1964, O DESARROLLISMO FRANQUISTA CREOU UN DOS POLOS DE CRECEMENTO, ANTECEDENTES DOS POLÍGONOS INDUSTRIAIS. O PROGRESO MÓSTRASE NO FILME COMO DEXENERACIÓN, E A CONSECUCENCIA DO PROCESO IMPARABLE DE PRODUCCIÓN DE MERCANCÍAS É A DESTRUCCIÓN DO CONTORNO NATURAL E SOCIAL. A TARTARUGA SIMBOLIZA ESE EXEMPLO DE SUPERVIVENCIA DE DETERMINADAS ESPECIES ANTE O AVANCE DA CIVILIZACIÓN. ESA BUSCA DO EQUILIBRIO NUN ESPAZO EN CONFLITO.

I. ECOSISTEMA OU INDUSTRIA CULTURAL?

TRANSMÍTESE QUE A ÚNICA PREOCUPACIÓN DO MUNDO DA ARTE É O MANTEMENTO DA SÚA INDUSTRIA, E NON A SUPERVIVENCIA DUN ECOSISTEMA MOITO MÁIS COMPLEXO QUE, ADEMAIS DE MERCADORÍAS, PRODUCE UNHA VASTA E PROFUNDA REDE DE EXPERIENCIAS ARTÍSTICAS E CREATIVAS, COÑECAMENTOS CIENTÍFICOS E HUMANÍSTICOS, RECURSOS SIMBÓLICOS E UN EXTENSO CAMPO SENSIBLE PARA A EXPERIMENTACIÓN, A CURIOSIDADE E A IMAXINACIÓN. ADEMAIS DE FERRAMENTAS DE PRODUCCIÓN CONCEPTUAL E TECNOLÓXICAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN.

(Santiago Eraso Beloki, 2014)

JOAN MORERA, VERANEANTES, MARCO VIGO, 2013



- VERANEANTES: INVESTIGACIÓN QUE FIXEMOS AO PERCIBIR QUE A MAIOR PARTE DAS E DOS ARTISTAS GALEGAS SAÍAN E SAEN DO PAÍS AO REMATAR A FORMACIÓN DEBIDO Á INEXISTENCIA DUNHAS MÍNIMAS ESTRUTURAS DE APOIO —PREMIOS, BOLSAS, ESPAZOS AUTOXESTIONADOS...— E Á GRANDE ESCASEZA DE LUGARES PARA A PRODUCCIÓN, ESES ESPAZOS QUE CHAMAMOS INTERMEDIOS, DE COHESIÓN, INTERXERACIONAIS, QUE ESTARÍAN PRESENTES NESA REDE ESTRUTURAL NECESARIA PARA A ESTABILIZACIÓN DUNHA CULTURA DE BASE.
- OBRAS QUE POSÚEN UNHA FINALIDADE INVESTIGADORA E NON COMERCIAL, COMO TANTAS PEZAS INMATERIAIS OU EFÉMERAS QUE SE ADSCRIBEN AO MUNDO DA ARTE, PERO NON AO DO MERCADO. AÍNDA QUE SABEMOS DA CAPACIDADE QUE TEN O MERCADO PARA DESPRAZAR O SEU VALOR DE USO E CONVERTELAS EN MERCANCÍA, TEN QUE HABER ESPAZO PARA TRABALLOS BASEADOS NA INVESTIGACIÓN, NA REIVINDICACIÓN OU NA RECONSTRUCCIÓN DA NOSA MEMORIA COLECTIVA.

MARIA EICHHORN, O MEDIO É O MUSEO, MARCO VIGO, 2008



POR QUE INSISTIMOS EN CONSTRUIR NOVAS ESTRUTURAS SEN CONTIDO CANDO HAI UNHA REDE DE ESPAZOS DESATENDIDOS QUE PERIGA POR FALTA DE PERSOAL E DE MANTEMENTO?

CANTAS COLECCIÓN PÚBLICAS HAI, DEPENDENTES DAS DIFERENTES ADMINISTRACIÓN, QUE NON COÑECEMOS E ESTÁN SEN INVESTIGAR?

NON É UNHA DISTRIBUCIÓN EFICIENTE NIN SOSTIBLE A QUE SE DEDICA A CONSTRUIR E MANTER PROXECTOS COMO A CIDADE DA CULTURA, OU A PROMOVER EVENTOS CON FINS MERAMENTE ESPECULATIVOS, COMO FEIRAS DE ARTE, EN LUGAR DE PROTEXER E APOIAR A APARICIÓN E FUNCIONAMENTO DOUTROS ESPAZOS, PÚBLICOS E PRIVADOS, CON ENTRADA LIBRE OU ACCESIBLE E DE INTERESE PÚBLICO.

QUE OCORRERÍA SE NO LUGAR DE POÑER 11,1 MILLÓNS DE EUROS Á DISPOSICIÓN DA CIDADE DA CULTURA NESTE ANO 2017, USÁSEMOS ESES CARTOS PARA DOTAR DE PERSOAL ESPAZOS CON CONTIDOS, PUXÉSEMOS EN VALOR AS COLECCIÓN S E O PATRIMONIO PÚBLICO [E, ATENCIÓN, TAMÉN PRIVADO, SEMPRE QUE NON SEXA CON FINS ESPECULATIVOS. PENSO AGORA NO CASO DO MUSEO CARLOS MASIDE E DO LABORATORIO DE FORMAS] E FIXÉSEMOS CIRCULAR, NUNHA REDE DE MUSEOS, ACADEMIA E OUTROS ESPAZOS CULTURAI S, UN ARQUIVO COMÚN QUE, CO TEMPO, NOS PERMITA TRABALLAR DE XEITO MÁIS AUTÓNOMO DO FINANCIAMENTO DOS GOBERNOS E REARTICULAR NÓS MESMAS AS NOSAS HISTORIAS, PARA SENTIRNOS RECOÑECIDAS NELAS?

VISTA DA EXPOSICIÓN PERMANENTE, MUSEO CARLOS MASIDE, SADA, 2015



O LABOR DOS GOBERNOS, QUE DESATENDEN UNHA E OUTRAS VEZ ESTAS RECLAMACIÓNS, É REGULAR O SECTOR, E PRESTAR SERVIZO NON SÓ MEDIANTE INVESTIMENTOS DE CARTOS, SENÓN TAMÉN LEXISLANDO E APLICANDO A LEXISLACIÓN PARA PERMITIR O EXERCICIO DAS ACTIVIDADES.

AS POLÍTICAS PLANIFICADAS (FRONTE ÁS POLÍTICAS DE URXENCIA) DEBEN MANTER O APOIO SOSTIDO E EFICAZ AO LONGO DE TODAS AS FASES DA CREACIÓN (FORMACIÓN-PRODUCCIÓN-DIFUSIÓN), PARA IR POUCO A POUCO MUDANDO O ACTUAL MODELO PATERNALISTA CARA UN MÁIS FLEXIBLE, COLABORATIVO E HORIZONTAL.

(Reclamacións da AGAV, Asociación Galega de Artistas Visuais, Colectivo Trans..., finais 1990s-2000s)

A ACTIVIDADE ECONÓMICA DAS/OS ARTISTAS EN ESPAÑA (Marta P. Ibáñez/Isidro López-Aparicio)

- O 46,9% RECIBE MENOS DE 8.000 € AO ANO.
- O 13,4% 8.000 - 10.000 €
- O 18,4% 10.000 - 20.000 €
- O 12,1% 20.000 - 30.000 €
- O 5,3% 30.000 - 40.000 €
- O 2,4% 40.000 - 50.000 €
- O 0,8% 50.000 - 60.000 €
- O 0,6% RECIBE MÁIS DE 60.000 €

-
- PRECARIZACIÓN DO EXERCICIO ARTÍSTICO.
 - DESAPARICIÓN DUN COLECCIONISMO LOCAL SOSTIBLE.
 - DESCENSO NO INVESTIMENTO EN OBRAS DE ARTE DENDE OS MUSEOS E FUNDACIÓNS PÚBLICAS E PRIVADAS. DESAPARICIÓN DAS CAIXAS DE AFORROS (PRIVATIZACIÓN DAS COLECCIÓNS). INVESTIMENTOS QUE DURANTE ANOS PROVOCARON CERTA CIRCULACIÓN ECONÓMICA NO ÁMBITO DA COMPRA-VENDA E DA PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DAS OBRAS DE ARTE.
 - APOIO DOS GOBERNOS LEXISLANDO: O SECTOR RECLAMA BAIXADA DOS TIPOS IMPOSITIVOS E VENTAXAS FISCAIS PARA DINAMIZAR AS VENDAS, ASÍ COMO (ESTASE A DEBATER NO CONGRESO) UN ESTATUTO DO ARTISTA NO QUE SE ADAPTE A LEXISLACIÓN Á INESTABILIDADE LABORAL.

II. SEPARACIÓN PÚBLICO-PRIVADO

A RETIRADA DO SECTOR PÚBLICO NO FINANCIAMENTO DA CULTURA TEN COMO CONSECUCENCIA A CONFUSIÓN ENTRE O PÚBLICO E O PRIVADO, DIFUMINANDO A LIÑA QUE SEPARA PRÁCTICAS DEMOCRÁTICAS E EMPRESARIAIS.

CONTEXTO DAS ARTES VISUAIS GALEGO MOI INSTITUCIONALIZADO. NON FALAR DEL EN TERMOS MERAMENTE ECONOMICISTAS. TENTAR MEDIR A RENDIBILIDADE DENDE PARÁMETROS CUALITATIVOS E NON CUANTITATIVOS. EXISTEN POCOS INDICADORES PARA ANALIZAR A TRANSFORMACIÓN QUE UN MUSEO/EXPOSICIÓN/ ACCIÓN PRODUCE NA SOCIEDADE. COMO VALORAMOS O IMPACTO OU O POTENCIAL EMANCIPADOR QUE POSÚEN?

GEORGES HENRI RIVIÈRE (PARÍS, 1897-1985)

O ÉXITO DUN MUSEO NON SE MIDE POLO NÚMERO DE VISITANTES QUE RECIBE, SENÓN POLO NÚMERO DE VISITANTES AOS QUE ENSINA ALGUNHA COUSA. NON SE MIDE POLO NÚMERO DE OBXECTOS QUE EXPÓN, SENÓN POLO NÚMERO DE OBXECTOS QUE OS VISITANTES LOGRARON APREHENDER NO SEU EIDO HUMANO. NON SE MIDE POLA SÚA EXTENSIÓN, SENÓN POLA CANTIDADE DE ESPAZO QUE OS VISITANTES PODEN PERCORRER DE XEITO RAZOABLE EN PROL DUN VERDADEIRO APROVEITAMENTO. ISO É O MUSEO. SE NON, NON É MÁIS QUE UNHA ESPECIE DE “MATADOIRO CULTURAL”, DO QUE SE SAE REDUCIDO EN FORMA DE SALCHICHÓN.

(Curso de museoloxía xeral de GHR, 1970-1982, 1993)

SAADIYAT ISLAND, ABU DHABI, EMIRATOS ÁRABES UNIDOS



JEAN CLAIR ALERTA DA MERCANTILIZACIÓN DOS ESPAZOS TRADICIONALMENTE DEDICADOS AO ESTUDO E Á CONTEMPLACIÓN E DE QUE O PATRIMONIO, NESTE TIPO DE OPERACIÓNS, É TRATADO COMO CAPITAL. A OPERACIÓN DE ALUGUER DAS COLECCIÓN PÚBLICAS FRANCESAS A ABU DHABI TEN LUGAR EN PARALELO A UNHA NEGOCIACIÓN GLOBAL, Á VEZ POLÍTICA, ECONÓMICA E MILITAR, CUXO OBXECTIVO É OBTENER PARA A INDUSTRIA FRANCESA O ENCARGO DE CERTO NÚMERO DE AVIÓNS DE COMBATE.

(JC, *Malestar en los museos*, 2007)

É PRECISO, NO ECOSISTEMA SOSTIBLE QUE QUEREMOS, QUE EXISTAN RELACIÓNS ENTRE OS ÁMBITOS PÚBLICO E PRIVADO, PERO OS LÍMITES ENTRE AS RESPONSABILIDADES DUNHA E DOOUTRA PARTE DEBEN ESTAR CLARAS. TRÁTASE DE FAVORECER O ACCESO PÚBLICO, PERO ÚSANSE CARTOS PÚBLICOS PARA FAVORECER INTERESES PRIVADOS.

III. BREVE HISTORIA DAS ESTRUTURAS. 1980s-1990s

1980s. COMEZAN AS POLÍTICAS CULTURAIS “PROMOCIONAIS” DA DEMOCRACIA, A NIVEL ESTATAL E A ESCALA AUTONÓMICA: DESCENTRALIZACIÓN DAS COMPETENCIAS DO ESTADO EN CUESTIÓNS CULTURAIS E NACEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS DEDICADAS Á DIFUSIÓN DAS ARTES VISUAIS.

1990s. COA CHEGADA DO NEOLIBERALISMO E A REVOLUCIÓN CONSERVADORA, A POLÍTICA CULTURAL PÚBLICA COMEZA A SE BASEAR NA PRODUCCIÓN DE GRANDES EVENTOS EXPOSITIVOS PARA ACOMPAÑAR AS ESTRATEXIAS DE PROMOCIÓN DO TURISMO.

IV. FUXIR DE MODELOS IMPORTADOS. PENSAR EN TERMOS ALTERNATIVOS AO DE MODELO



O IMPACTO DO GUGGENHEIM (O EFECTO GUGGENHEIM) SEGUE A MENCIONARSE COMO MODELO SEN ENTENDER QUE O CONTINENTE NON FAI O CONTIDO, E QUE O SEU ÉXITO NON SE PODE ESTUDAR SEN TODA A ESTRATEXIA DE REXENERACIÓN URBANA QUE O ACOMPAÑOU.

V. FRONTE Á PRIVATIZACIÓN, SERVIZO PÚBLICO

FRONTE Á AMEAZA DAS PRIVATIZACIÓNS, INSISTAMOS NUN CAMBIO DE PARADIGMA QUE SITÚE AS ARTES E A CULTURA FÓRA DESA CADEA DE VALOR CAPITALISTA. ESÍXESELLE AO MUSEO QUE SE COMPORTE COMO UNHA EMPRESA, PERO TEMOS QUE FACER UN ESFORZO POR SEPARAR AS INDUSTRIAS CULTURAIS DO SERVIZO PÚBLICO.

VI. NOVAS FORMAS DE FACER BASEADAS NO INTERCAMBIO

A DINÁMICA DOS MUSEOS, PARA SUPLIR A FALTA DE PERSOAL INVESTIGADOR, FOI A DE GASTAR EN ALUGUER DE COÑECEMENTO UNS CARTOS QUE, SE SE INVESTISEN EN PRODUCILO INTERNAMENTE, NESTAS DÚAS DÉCADAS TERÍAMOS CONFORMADO UN ARQUIVO SOBRE O QUE PODER TRABALLAR DE XEITO MÁIS ESTABLE.

A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO, QUE NOUTROS ÁMBITOS É HABITUAL, PODE AXUDARNOS A APROVEITAR OS RECURSOS E TRABALLAR DUN MODO MÁIS PERMEABLE, ABERTO, DEMOCRÁTICO E, POR TANTO, MENOS SUXEITO A INXERENCIAS. TODO ISO SUPÓN CAMBIAR OS MODELOS ORGANIZATIVOS E ENTENDER AS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN COMO O ESQUELETO QUE SOPORTA A ACTIVIDADE.

VII. ALGUNHAS CONCLUSIÓNS

ESTABLECER RELACIÓNS ENTRE A ACADEMIA, AS EDITORAS, OS ESPAZOS DE PRODUCCIÓN, OS MUSEOS, PARA APROVEITAR SINERXIAS E RECURSOS. UNHA ECONOMÍA CIRCULAR BASEADA NO POTENCIAL DA CULTURA PARA CREAR UN SISTEMA DE RELACIÓNS SOSTIBLE (VER A PEZA *APUNTAMENTOS E BREVE APROXIMACIÓN A SARGADELOS, PRIMEIRA VERSIÓN* (2014), DE DIEGO SANTOMÉ).

REIVINDICAR A NECESIDADE DE TRAZAR, DUNHA VEZ, UN PLAN DE MUSEOS PARA REORDENAR E MODERNIZAR A REDE GALEGA. POÑER EN COMÚN AS COLECCIÓNS E CONVERTELAS NUN GRANDE ARQUIVO AO SERVIZO DE TODAS. UNHA LEI CUN ÓRGANO DE XESTIÓN COMÚN E INDEPENDENTE QUE REÚNA A TODAS AS ADMINISTRACIÓNS PARA CONTRIBUÍR, XUNTOS, A ORDENAR, O PRIMEIRO PASO PARA PODER “RENDIBILIZAR” (TAMÉN EN TERMOS ALTERNATIVOS AO ECONOMICISTA).

FONTES

Rafael Aznar, *Museos, arqueología, democracia y crisis*, Trea, Xixón, 2013.

Manuel Borja-Villel e Marcelo Expósito, *Conversación con Manuel Borja-Villel*, Turpial, Madrid, 2015.

Manuel Borja-Villel, varios artigos.

Jean Clair, *Malestar en los museos*, Trea, Xixón, 2011.

Santiago Eraso Beloki, “Ecosistema o industria cultural”, en *Arte, cultura, ética y política*, blog en liña, <https://santieraso.wordpress.com/2014/08/10/ecosistema-cultural/>

Marina Garcés, “Clasicismo punkie”, en VV.AA, *Cultura en tensión*, Rayo Verde editorial, Barcelona, 2016.

David Harvey e Neil Smith, *Capital financiero, propiedad inmobiliaria y cultura*, MACBA e Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona, 2005.

Marcos Lorenzo, “Por unha nova política cultural en Galicia”, en *Praza pública*, 2015, <http://praza.gal/opinion/2350/por-unha-nova-politica-cultural-en-galicia/>

Marta Pérez Ibáñez e Isidro López-Aparicio, *La actividad económica de los/las artistas en España*, Fundación Antonio de Nebrija, Madrid, 2017.

Jorge Ribalta (ed), *Servicio público. Conversaciones sobre financiación pública y arte contemporáneo*, UAAV e Univ. de Salamanca, Salamanca, 1998.

Yolanda Romero, *El museo, ¿prostituta de lujo? No, gracias*, en MUSEU. Un proyecto de Es Baluard, <http://proyectomuseu.org/el-museo-prostituta-de-lujo-no-gracias/>
José Luis Sampedro, *El mercado y la globalización*, Destino, Madrid, 2002.

Chin-tao Wu, *Privatizar la cultura*, Akal, Madrid, 2007.
El negocio de los museos, No one e ARTE France, <https://www.youtube.com/watch?v=tJ-VetnUumo>

Análise do sector cultural, IGE, Xunta de Galicia, 2016, https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/Analise_Sector_Cultural.pdf

EGMUS, European Group of Museum Statistics, <http://www.egmus.eu/>

Informe Gasto público en Cultura, Consello da Cultura Galega, 2014, <http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=2361>

Anuario de Estadísticas Culturales, Ministerio de Cultura, 2016, <http://www.mecd.gob.es/dms/mecd/cultura-mecd/areas-cultura/industriasculturales/plan-fomento-industrias-2016/plan-fomento-industrias-2016.pdf>

